

**ÁREA DE REXENERACIÓN URBANA E
DEREITO Á VIVENDA**

Departamento de Planeamento

63110I0135 631/2016/286

Exp.: MPX-3/16

Anotada en el Libro de Resoluciones
de la Alcaldía con el núm: DEC/AYT/5408/2016
14/10/2016
El Secretario General
P.O.



Asunto: Inicio do expediente de Modificación Puntual do PXOM no ámbito da Norma Zonal 6.2 industrial - comercial (polígono A Grela, Bens)

DECRETO

O Plan Xeral de Ordenación Municipal de A Coruña aprobouse definitivamente pola Orde do 25 de febreiro de 2013, ditada polo Concelleiro da Consellería de Medio Ambiente Territorio e Infraestruturas da Xunta de Galicia, publicada no D.O.G. núm. 48, do 8 de marzo de 2013.

O artigo 7.2.6 do vixente PXOM regula a Norma Zonal 6, Actividades Económicas, sendo a subzona 2, Industrial – comercial, de aplicación no antigo Polígono de A Grela – Bens.

Con data 22 de xullo de 2016 a Xunta de Goberno Local aprobou o texto da Addenda ao protocolo asinado o 18 de marzo de 2015 entre o Concello de A Coruña e a Compañía Hijos de Rivera S.A.U., que se incluíu como anexo na Modificación Puntual do PXOM no Polígono industrial de A Grela – Bens, Fábrica de Armas de A Coruña e Campo de Fútbol de Eirís (expte. MPX-1/15), que foi aprobada inicialmente polo Pleno ordinario municipal do 1 de agosto de 2016, estando na actualidade no trámite de información pública.

No parágrafo 4 do texto aprobado da addenda ao Protocolo asinado o 18 de marzo de 2015 inclúese unha disposición adicional única ao Protocolo, coa seguinte redacción:

“Disposición adicional única. Norma Zonal 6.2 do PXOM de A Coruña.

Nos últimos tempos viñéronse detectando diversos problemas e incidencias relacionados especialmente cos usos perimetrais e accesos das parcelas ás que resulta de aplicación a Norma Zonal 6.2-Industrial-Comercial (Polígono A Grela – Bens)-.

ÁREA DE REXENERACIÓN URBANA E
DEREITO Á VIVENDA


Departamento de Planeamento

63110I0135 631/2016/286

Neste contexto, o Concello obrígase a iniciar o estudio e a análise da viabilidade e procedencia de tramitar unha nova modificación do PXOM de A Coruña que, entre outros extremos, mellore a regulación de dita Norma Zonal 6.2, entre outros extremos, no tocante aos usos perimetrais e accesibilidade ás parcelas incluídas no ámbito de aplicación de dita Norma Zonal."

Á vista do sinalado anteriormente, en virtude da delegación efectuada pola Alcaldía/Presidencia mediante Decreto do 15 de xuño de 2015, publicado no BOP nº 125 do 6 de xullo de 2015,

DISPOÑO:



ÚNICO.- Iniciar o expediente da Modificación puntual do Plan Xeral de Ordenación Municipal vixente, no ámbito da Norma Zonal 2. ACTIVIDADES ECONÓMICAS, subzona 2, INDUSTRIAL – COMERCIAL (Polígono de A Grela – Bens), coa finalidade de estudar o réxime de autorización dos usos e construcións admisíbeis na franxa de recuamento perimetral e acceso ás parcelas.

JCPV/OPS/mciv

A Coruña, 29 de setembro de 2016

O alcalde, P.D.

O tenente de alcalde da Área de rexeneración urbana e dereito á vivenda



Xiao Varela Gómez